

---

## A PSICOLOXÍA INFANTIL E A NOVA EDUCACIÓN

Textos de JEAN PIAGET

Tradución de HENRIQUE HARGUINDEY

Nota editorial de ANTÓN COSTA

Epílogo de EDUARDO MARTÍ

Fotografía de portada de VICENTE BLANCO

---

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 176 páx. 14 €.

ISBN 978-84-8464-355-5. Biblioteca de Pedagogía, nº 6.


*Como definir os novos métodos educativos e a partir de cando datar a súa aparición? Educar é adaptar o rapaz ao medio social adulto, é dicir, transformar a constitución psicobiolóxica do individuo en función do conxunto das realidades colectivas ás que a conciencia común atribúe algún valor. Daquela, dous termos na relación que constitúe a educación: por unha parte, o individuo en crecemento, e pola outra, os valores sociais, intelectuais e morais aos que o educador ten o encargo de inicialo.*

Este sexto volume da [Biblioteca de Pedagogía](#) contén os ensaios “Bases psicolóxicas dos novos métodos pedagóxicos” (1935) e “O dereito á educación no mundo actual” (1948). Estes textos de Jean Piaget abordan o interese do autor pola renovación pedagóxica, a defensa dos métodos activos de ensino, e avogan pola necesidade de que se teñan en conta as achegas da psicoloxía para anovar a educación.

Son numerosos os tratados sobre a obra intelectual de Piaget, así como a aplicación dos seus conceptos no eido da innovación didáctica, sendo constantes as mencións ás posicións *piagetianas* na bibliografía internacional.

O psicólogo suízo investigou a construción da intelixencia e o desenvolvemento do pensamento na infancia e na adolescencia. A súa contribución nestes campos fixo del un referente fundamental para os estudos de Psicoloxía da Educación e para a evolución da Pedagogía. A actual psicoloxía cognitiva -como paradigma de maior credibilidade académica- ten nas teses e nos estudos de Piaget un pilar fundamental. A súa teorización é coñecida como “construtivismo psicolóxico”.

A obra complétase cun texto do catedrático do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación na Universidade de Barcelona, Eduard Martí Sala, doutorado en Psicoloxía pola Universidade de Xenebra, sendo colaborador de Jean Piaget no Centro Internacional de Psychologie Génétique.



- 
- **Temática:** Psicopedagogía.
  - **Receptores:** educadores.
  - **Aspectos destacables:** da colección [Biblioteca de Pedagogía](#) que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos da colección: “[A cidade dos nenos](#)” e “[Cando os nenos din Basta!](#)” de Francesco Tonucci, “[Educación para un mundo novo](#)” de María Montessori; “[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)” de Lev Vigotski, “[Carta a un profesor mozo](#)” de Philippe Meirieu, “[Carta a unha profesora](#)” da Escola de Barbiana, e “[Pedagogía do oprimido](#)”, de Paulo Freire.

### Jean Piaget

(Neuchâtel, 1896 - Xenebra, Suíza, 1980)

Piaget foi biólogo de formación, epistemólogo por vocación e psicólogo por necesidade. As súas investigacións na psicoloxía infantil centráronse, en particular, nas operacións lóxicas e no razoamento causal. Autor dunha extensa e sólida bibliografía, dirixiu o Institut de Sciences de l'Éducation e tamén o Bureau International d'Éducation en Xenebra, ademais de fundar o Centro Internacional de Epistemoloxía Xenética. A súa influencia no sector educativo foi e aínda é moi notable, ao contribuír ao impulso das escolas novas e activas e á renovación nas políticas educativas. Dicía Piaget: “*Cando a escola activa pide que o esforzo do alumno proceda del propio sen ser imposto, e que a súa intelixencia traballe realmente sen recibir os coñecementos preparadiños dende fóra, non fai máis que reclamar que sexan respectadas as leis de toda intelixencia*”.

<http://www.archivesjeanpiaget.ch>